

ANEXO: Especies de flora e fauna de especial interese para a conservación na zona

A Gándara, o espazo ameazado polo enlace da vía Artabra coa AP-9, rexistra a presenza de hábitats de interese comunitario e especies de flora e fauna de especial interese para a conservación.

Destaca a diversidade de hábitats vinculados aos medios húmidos, e a presenza xunto cos bosques aluviais, de masas arboradas autóctonas nas que se recoñece o hábitat 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, excepcional no sector costeiro da Área Urbana da Coruña. O **hábitat de interese comunitario prioritario 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*** (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), aparece na rede fluvial do Río Mero, presentando ámbitos nos ríos Mero, da Brexa e da Gándara, así como en Sarnoso (Brexo) e aparece inventariado no Inventario Nacional de Hábitats Terrestres (2005) podendo ser consultado no portal da “Base de Datos de la Naturaleza” (BDN) que comparten o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (<https://sig.mapama.gob.es/bdn/>).

Pero tamén existe un significativo número de especies de flora e fauna de interese para a conservación, que inclúe diversas especies de flora e fauna ameazadas.

Na flora do territorio, destacan tres especies de plantas que foron incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), na categoría de “Vulnerable”. O amarelle trompeta (*Narcissus cyclamineus*), que é un endemismo do noroeste que forma parte do estrato herbáceo, pratense, das carballeiras húmidas e bosques de galería acidófilos, con materia orgánica ben integrada ao longo do perfil edáfico, e a orquídea espiral de verán (*Spiranthes aestivalis*), que medra en lugares húmidos ou charcas estacionais, brañas, prados e queirogais húmidos, especialmente en zonas próximas ao mar; especies que figuran no anexo IV da Directiva Hábitats. Así mesmo, aparece na categoría de “Vulnerable” no CGEA o brión hidrófito *Fontinalis squamosa*.

Nos invertebrados cómpre salientar dúas especies ameazadas, a lesma (*Geomalacus maculosus*) e o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), cuxa presenza foi rexistrada nos bosques autóctonos cunha elevada humidade ambiental. O caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), está catalogado no CGEA, na categoría “En perigo de extinción”, e as lesmas (*Geomalacus maculosus*) na “Vulnerable”. O caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), está tamén catalogado no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE), na categoría “Vulnerable”.

Na ictiofauna está presente a anguía (*Anguilla anguilla*), afectada como tódolos peixes migratorios polas presas sen pasos axeitados, e figura na lista da UICN como “en perigo crítico”. Así mesmo, exemplares de salmón (*Salmo salar*), que figura no anexo II da Directiva Hábitats.

Dos anfibios inventariados no territorio da área, están ameazados a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), especie catalogada na categoría “Vulnerable” nos catálogos galego e español de especies ameazadas, así como a estroza (*Hyla arborea*), a ra vermella (*Rana temporaria parvipalmata*), a ra verde (*Rana iberica*), e o sapiño pinto (*Discoglossus galganoi*), catalogadas no CGEA na categoría “Vulnerable”. Os hábitats preferentes destes anfibios son as zonas moi húmidas e con vexetación densa, en especial dos espazos perfluviais. No que respecta aos réptiles, a lagartixa da serra

(*Iberolacerta monticola*), especie endémica dependente de refuxios rochosos, próximos aos ríos, catalogada tamén no CGEA como “Vulnerable”.

Os mamíferos ameazados con presenza no territorio da AUAC son o furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*), o morcego de orellas de rato grande (*Myotis myotis*) e o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*), catalogados na categoría “Vulnerable”, en Galicia e España, así como o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*) catalogado no CGEA nesa mesma categoría. O furapreseiras é unha especie ligada ao medio fluvial. Pola súa banda, os morcegos atopan hábitats axeitados no medio rural ben conservado do municipio.

Entre as aves inventariadas no territorio, cabe destacar por mor da súa situación de especies ameazadas na categoría “En perigo de extinción” en Galicia, a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), e as poboacións de gavita (*Haematopus ostralegus*), e mazarico curlí (*Numenius arquata*), si ben estímase que estas especies non nidifican no territorio de estudo. Pola súa parte, a garza pequena (*Ixobrychus minutus*), a águia pescadora (*Pandion haliaetus*), a rapiña cincenta (*Circus pygargus*), e as poboacións reprodutoras de gavita (*Haematopus ostralegus*), están catalogadas na categoría “Vulnerable” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. No ámbito estatal, *Emberiza schoeniclus lusitanica* e *Chlidonias niger*, están catalogadas en perigo e, na categoría vulnerable, *Pandion haliaetus* e *Circus pygargus*.

No que respecta á flora e fauna, atópanse diversos taxóns ameazados en perigo de extinción, e outros catalogados como vulnerables, incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA). Neste sentido, hai que indicar que no municipio están delimitadas zonas de presenza potencial da especie de ave ameazada, Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher), que conta cun plan de recuperación.

De acordo co “Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia”, redactado pola CMATI, a escribenta das canaveiras, ou escribano palustre, ten a súa área de distribución potencial no territorio costeiro da AUAC. O Decreto establece unha zonificación segundo a área de distribución potencial, a área de presenza e a área de conservación prioritaria da escribenta das canaveiras. A delimitación da Área de Distribución Potencial abrangue todo o territorio do termo, e inclúe aqueles humidaes costeiros que poderían ser utilizados pola subespecie lusitanica, así como as áreas de descanso durante os movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría e en especial durante o inverno. A delimitación da zona inclúe todos os humidaes de Galicia de vexetación palustre de grande tamaño que se encontran entre a liña de costa e 15 km cara ao interior.